

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

17976 *Real decreto 1565/2010, do 19 de novembro, polo que se regulan e modifican determinados aspectos relativos á actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.*

I

O crecemento do número de instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, englobadas dentro do réxime especial, foi moi importante nos últimos anos. Así, España converteuse nun dos países á cabeza no desenvolvemento destas tecnoloxías.

Trátase dun sector moi dinámico e cun ritmo de evolución tecnolóxica moi rápido. Na actualidade, aproximadamente o 25 por cento da enerxía eléctrica producida provén de enerxías renovables. Estes feitos, unidos ás características estruturais do noso sistema eléctrico, obrigan ao establecemento de requisitos técnicos adicionais para garantir o funcionamento do sistema e posibilitar o crecemento destas tecnoloxías.

O Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, establece a obriga do cumprimento de determinados requisitos técnicos.

En particular, no citado real decreto establécese a obriga de adscrición a centros de control que actuarán como interlocutores do operador do sistema para as instalacións de potencia igual ou superior a 10 MW, así como a obriga de cumprimento de determinados requisitos de resposta fronte a ocios de tensión para as instalacións eólicas. O cumprimento destes requisitos é fundamental para permitir unha adecuada operación do sistema en condicións de seguridade e, como consecuencia diso, posibilitar a máxima integración no sistema das tecnoloxías de réxime especial no *mix* de xeración.

Polo tanto, o crecemento do número de instalacións de tecnoloxía solar fotovoltaica nos últimos tempos, formando parte en moitos dos casos de agrupacións, fai necesario someter estas agrupacións ao cumprimento dos requisitos técnicos referidos. Ao respecto cabe sinalar que o propio Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para esa tecnoloxía, xa prevía, no seu artigo 13, a necesidade de establecer requisitos técnicos para estas instalacións.

Por outro lado, para o caso das instalacións eólicas, o Real decreto 661/2007, do 25 de maio, prevé como data máxima de adecuación ao cumprimento dos requisitos de resposta fronte a ocios de tensión o 1 de xaneiro de 2010, para as instalacións anteriores ao 1 de xaneiro de 2008, sendo a consecuencia de tal incumprimento a perda do dereito á percepción da prima ou, de ser o caso, prima equivalente, pola enerxía producida. O desenvolvemento tecnolóxico realizado durante os últimos anos non foi, porén, abondo para conseguir a adecuación da maior parte do parque de xeración eólica na data prevista. As solucións técnicas para determinadas máquinas foron desenvolvidas en datas moi recentes, polo que resulta conveniente prorrogar a data límite de adecuación.

En xeral, a experiencia na xestión acumulada como consecuencia da aplicación do réxime xurídico e económico do réxime especial aconsella a redefinición de determinados conceptos e a adaptación dos procedementos á evolución destes sectores.

Así, en primeiro lugar, mediante este real decreto procédese á definición concreta do concepto de modificación substancial dunha instalación para os efectos de renovación do réxime económico, na medida en que esta figura será utilizada de forma masiva nos próximos anos, ao ter alcanzado o parque de xeración unha antigüidade que posibilitará a renovación dos equipamentos.

En segundo lugar, as diferentes interpretacións a que deu lugar o artigo 6 do Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto, fan necesario concretar cando existe a obriga de instalación de equipamentos de medida en bornes dos grupos de xeración. Tamén se procede a adiantar a finalización do período transitorio de adecuación dos puntos de medida de tipo 3 de xeración, co fin de axilizar a liquidación económica das instalacións que dispoñen deles.

Así mesmo, avánzase na simplificación administrativa, axilizando os procedementos mediante a utilización de medios electrónicos, na medida do posible. Deste modo mellórase a definición da información relativa á inscrición nos rexistros de réxime especial, que debe ser comunicada polos órganos autonómicos, e prevese a elaboración de formularios para a remisión de documentación por parte dos titulares das instalacións en formato electrónico.

Nesa mesma liña, establécese a obrigatoriedade de presentar a solicitude de inscrición no rexistro de preasignación de retribución exclusivamente por medios electrónicos, a través da sede electrónica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Considérase que isto se encontra xustificado por razóns de interese público, dado que o elevado número de solicitudes presentadas ao procedemento de preasignación de instalacións fotovoltaicas fai que a xestión da documentación presentada en papel resulte difícil e complicada. Ademais, considérase que non constitúe unha carga excesiva para os solicitantes, pois razoablemente cabe suporlles a estes a suficiente capacidade para a comunicación electrónica da súa solicitude, tendo en conta a capacitación legal, técnica e económica que se lles exige acreditar aos titulares de instalacións fotovoltaicas, mesmo se son persoas físicas ou pequenas empresas.

Por último, é destacable ademais a introdución de dúas disposicións para instalacións eólicas e solares termoeléctricas de carácter experimental e innovador, para posibilitar a realización de actividades de I+D+i nestes sectores, como peza fundamental para conseguir os obxectivos últimos de redución de custos e alcanzar, a medio prazo, a completa competitividade coas tecnoloxías convencionais.

Este real decreto foi sometido a informe preceptivo da Comisión Nacional de Enerxía e a trámite de audiencia a través do seu Consello Consultivo de Electricidade. Así mesmo, foi sometido a exame da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, na súa reunión do día 23 de setembro de 2010.

Esta disposición dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13.^a, 22.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, autorización das instalacións eléctricas, cando o seu aproveitamento afecte outra comunidade autónoma ou o transporte de enerxía saia do seu ámbito territorial, e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente. A este respecto cabe sinalar que, polo contido das súas disposicións, eminentemente técnico e detallado no desenvolvemento da normativa que regula o funcionamento destas instalacións e os aspectos relativos ao seu réxime económico, a lei non resulta un instrumento idóneo para o seu establecemento e encóntrase xustificada a súa aprobación mediante real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, coa aprobación previa do vicepresidente terceiro do Goberno e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 19 de novembro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.*

No Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, introdúcense as seguintes modificacións:

Un. No artigo 3 engádese un número 4 coa seguinte redacción:

«4. Será condición necesaria para a inclusión no réxime especial que a instalación estea constituída por equipamentos principais novos e sen uso previo.»

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 4, que queda redactado da seguinte maneira:

«3. Para os efectos do disposto neste real decreto e, en particular, no seu capítulo IV, a modificación substancial para os efectos do seu réxime económico dunha instalación preexistente, nos termos previstos no artigo 4 bis, dará orixe a unha nova data de posta en servizo.»

Tres. Engádese un artigo 4 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 4 bis. *Modificación substancial dunha instalación preexistente para os efectos do seu réxime económico.*

1. Para as instalacións de coxeración, considerarase modificación substancial, para os efectos do réxime económico previsto neste real decreto, dunha instalación preexistente, a substitución de, polo menos, os equipamentos indicados na táboa seguinte en función da tipoloxía e tecnoloxía.

| Tipoloxía da coxeración antes da modificación | Equipamentos que deben ser substituídos | |
|--|---|--|
| Ciclo simple de secado con turbina. | • Turbina(s) de gas. | |
| Ciclo simple de secado con motor. | • Motor(es) alternativo(s). | |
| Ciclo simple con xeración de vapor e/ou auga quente con turbina. | Sen xeración de frío. | • Turbina(s) de gas. |
| | Con xeración de frío. | • Turbina(s) de gas e • Recuperador(es) de calor ou máquina(s) de absorción. |
| Ciclo simple con xeración de vapor e/ou auga quente con motor alternativo. | Sen xeración de frío. | • Motor(es) alternativo(s). |
| | Con xeración de frío. | • Motor(es) alternativo(s) e • Recuperador(es) de calor ou máquina(s) de absorción. |
| Ciclo combinado. | Sen xeración de frío. | • Turbina(s) de gas e • Recuperador(es) de calor ou turboxerador de vapor. |
| | Con xeración de frío. | • Turbina(s) de gas e • Máquina(s) de absorción e • Recuperador(es) de calor ou turboxerador de vapor. |

2. Non obstante o anterior e en todo caso, para que unha modificación dunha instalación de coxeración sexa considerada como substancial débese cumprir o requisito de que a coxeración modificada sexa de alta eficiencia conforme o establecido no Real decreto 616/2007, do 11 de maio, sobre fomento da coxeración, realizando o cálculo do aforro porcentual de enerxía primaria conforme a Guía técnica para a medida e determinación da calor útil, da electricidade e do aforro de enerxía primaria de coxeración de alta eficiencia, aprobada pola Resolución do 14 de maio de 2008, da Secretaría Xeral de Enerxía.

3. O rendemento eléctrico equivalente despois da modificación substancial deberase calcular de acordo co estipulado na Guía técnica para a determinación da

calor útil, da electricidade de coxeración e do aforro de enerxía primaria, como se a instalación for de nova execución.

4. Na documentación de proxecto que se presente ao órgano competente para a tramitación da modificación substancial dunha instalación de coxeración incluírase un estudo enerxético que recolla as situacións actual e prevista tras esa modificación substancial. Este estudo incluírá unha cuantificación da mellora nos valores de rendemento eléctrico equivalente, aforro porcentual de enerxía primaria e emisións evitadas de CO₂, calculadas de acordo cos rendementos establecidos na Decisión C(2006) 6817 da Comisión, do 21 de decembro de 2006, pola que se establecen valores de referencia da eficiencia harmonizados para a produción por separado de electricidade e calor, de conformidade co disposto na Directiva 2004/8/CE, do Parlamento Europeo e do Consello.

5. Cando a tipoloxía da coxeración preexistente non se corresponda coas indicadas na táboa anterior, o titular da instalación de coxeración solicitaralle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a indicación dos criterios que deberá cumprir para cualificar a modificación como substancial.

Do mesmo modo, logo de autorización da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para os efectos deste artigo, poderase permitir a substitución do equipamento principal con cambio de tecnoloxía cando as circunstancias do proceso así o requiran e sen prexuízo do cumprimento do resto de requisitos exixidos.

6. Para as instalacións eólicas, considerarase modificación substancial, para os efectos do réxime económico previsto neste real decreto, dunha instalación preexistente, a substitución de, polo menos, o xerador e as pas, e sempre que as turbinas resultantes fosen máis eficientes e a potencia unitaria maior ou igual ca a anterior.

7. Para o resto de tecnoloxías distintas á coxeración e á eólica, considerarase modificación substancial, para os efectos do réxime económico previsto neste real decreto, dunha instalación preexistente, as substitucións dos equipamentos principais que se establezan por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio.

8. En todo caso, para que unha modificación dunha instalación sexa considerada como substancial débese cumprir necesariamente a condición de que os equipamentos principais que se instalen nela sexan novos e sen uso previo.

9. No caso de que unha instalación estivese constituída por distintos equipamentos xeradores pero cunha mesma data de inscrición definitiva, entenderase que se produciu a modificación substancial cando se substitúan todos os equipamentos xeradores existentes correspondentes por novos equipamentos.

Se nunha instalación existisen equipamentos con datas de inscrición diferentes, poderase aplicar a modificación substancial aos equipamentos xeradores que compartan a mesma data de inscrición, de acordo co sinalado no parágrafo anterior.

10. A modificación substancial dunha instalación acollida á disposición transitoria primeira ou á disposición transitoria segunda deste real decreto suporá o seu acollemento pleno ao réxime económico vixente para novas instalacións, na categoría, grupo e subgrupo que lle corresponda.»

Catro. Modifícase a alínea d) do artigo 18, que queda redactada do modo seguinte:

«d) Todas as instalacións de réxime especial con potencia superior a 10 MW, e aquelas con potencia inferior ou igual a 10 MW pero que formen parte dunha agrupación do mesmo subgrupo do artigo 2 cuxa suma total de potencias sexa maior de 10 MW, deberán estar adscritas a un centro de control de xeración, que actuará como interlocutor co operador do sistema, remitirá a información en tempo real das instalacións e fará que se executen as súas instrucións co obxecto de garantir en todo momento a fiabilidade do sistema eléctrico.

Nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares o límite de potencia anterior será de 1 MW para as instalacións ou agrupacións.

Todas as instalacións con potencia instalada maior de 1 MW, ou inferior a 1 MW pero que formen parte dunha agrupación de instalacións cuxa suma de potencias sexa maior de 1 MW, deberán enviar telemidas ao operador do sistema, en tempo real, de forma individual no primeiro caso ou agregada no segundo. Estas telemidas serán remitidas polos titulares das instalacións ou, de ser o caso, polos seus representantes.

Para os efectos deste real decreto, defínese como agrupación o conxunto de instalacións que se conecten nun mesmo punto da rede de distribución ou transporte, ou dispoñan de liña ou transformador de evacuación común. Do mesmo modo, formarán parte da mesma agrupación aquelas instalacións que se encontren nunha mesma referencia catastral, considerada esta polos seus primeiros 14 díxitos. A potencia dunha agrupación será a suma das potencias das instalacións unitarias.

A obriga de adscrición a un centro de control de xeración e, de ser o caso, o envío de telemidas ao operador do sistema, será condición necesaria para a percepción da tarifa ou, de ser o caso, prima establecida neste real decreto, ou en reais decretos anteriores vixentes con carácter transitorio. Se a opción de venda elixida for a venda a tarifa regulada, o incumprimento desta obriga implicará a percepción do prezo do mercado, en lugar da tarifa.

Os custos de instalación e mantemento dos centros de control de xeración, incluíndo a instalación e o mantemento das liñas de comunicación co operador do sistema, serán por conta dos xeradores en réxime especial adscritos a aqueles. A comunicación destes centros de control de xeración co operador do sistema farase de acordo cos protocolos e estándares comunicados polo operador do sistema e aprobados pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

As condicións de funcionamento dos centros de control, xunto coas obrigas dos xeradores en réxime especial en relación con eles, serán as establecidas nos correspondentes procedementos de operación.»

Cinco. Modifícase a alínea e) do artigo 18, que queda redactada da seguinte maneira:

«e) As instalacións eólicas e as instalacións ou agrupacións de instalacións fotovoltaicas de potencia superior a 2 MW, de acordo coa definición de agrupación establecida na alínea d) deste artigo, están obrigadas ao cumprimento do disposto no procedemento de operación P.O. 12.3 Requisitos de resposta fronte a ocios de tensión das instalacións eólicas, aprobado mediante a Resolución do 4 de outubro de 2006, da Secretaría Xeral de Enerxía. Para estes efectos, a verificación do seu cumprimento regularase no procedemento correspondente. Este procedemento de operación será de aplicación igualmente nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, en canto non sexa desenvolvido un procedemento específico, sen prexuízo do resto de requisitos técnicos que puideren ser exhibibles en cada caso.

Sen prexuízo do disposto no número 3 da disposición transitoria quinta, esta obriga será condición necesaria para a percepción da tarifa ou, de ser o caso, prima establecida neste real decreto, ou en reais decretos anteriores vixentes con carácter transitorio. Se a opción de venda elixida for a venda a tarifa regulada, o incumprimento desta obriga implicaría a percepción do prezo do mercado, en lugar da tarifa mesma.»

Seis. Modifícase a redacción do número 4 do artigo 19, que queda da seguinte maneira:

«4. A documentación a que fai referencia este artigo será remitida polos órganos competentes á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas a través do procedemento electrónico a que fai referencia o artigo 10.3 deste real decreto.

A remisión da documentación a que fai referencia este artigo, por parte dos titulares das instalacións ao órgano competente ou á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, realizarase, polo menos, en formato electrónico. Para estes efectos, por resolución da Secretaría de Estado de Enerxía poderase aprobar un modelo de formulario, descargable, que se porá á disposición dos interesados a través da sede electrónica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.»

Sete. Modifícase o primeiro parágrafo do artigo 20.3, que pasa a ter a seguinte redacción:

«3. As instalacións de réxime especial deberán contar, con anterioridade ao comezo da vertedura de enerxía á rede, cos equipamentos de medida de enerxía eléctrica necesarios que permitan a súa liquidación, facturación e control, de acordo co expresado neste real decreto e no Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto.»

Oito. Modifícase o título e os números 1 e 2 do artigo 29, que quedan redactados do seguinte modo:

«Artigo 29. *Réxime de enerxía reactiva.*

1. Ás instalacións acollidas ao réxime especial, en virtude da aplicación deste real decreto, salvo as excepcións que regulamentariamente se establezan, independentemente da opción de venda elixida no artigo 24.1, seralles aplicable un complemento ou penalización, segundo corresponda, por enerxía reactiva polo mantemento duns determinados valores de factor de potencia. Este complemento fíxase como unha porcentaxe do valor de 8,2954 c€/kWh, en función do factor de potencia con que se entregue a enerxía, que será revisado anualmente polo ministro de Industria, Turismo e Comercio. Esta porcentaxe establécese no anexo V deste real decreto.

As instalacións deberanse manter, de forma horaria, dentro do rango obrigatorio de factor de potencia que se indica no anexo V. O incumprimento desta obriga suporá o pagamento da máxima penalización recollida no mesmo anexo para as horas en que se incorra en incumprimento.

O rango obrigatorio de factor de potencia poderá ser modificado, con carácter anual, por resolución da Secretaría de Estado de Enerxía, por proposta do operador do sistema, e este encontrarse, en todo caso, entre os valores extremos de factor de potencia: 0,98 capacitivo e 0,98 indutivo. O citado rango obrigatorio poderá ser diferente en función das zonas xeográficas, de acordo coas necesidades do sistema.

2. Aquelas instalacións do réxime especial cuxa potencia instalada sexa igual ou superior a 10 MW, ou 5 MW no caso dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, poderán recibir instrucións do operador do sistema para a modificación temporal do rango de factor de potencia anteriormente definido, en función das necesidades do sistema. Do mesmo modo, as instrucións do operador do sistema poderán ser relativas ao seguimento de consignas de tensión nun determinado nó do sistema, unha vez que sexan establecidas no correspondente procedemento de operación. En caso de cumprimento destas instrucións, aplicarase a máxima bonificación recollida no anexo V e, en caso de incumprimento destas, aplicarase a máxima penalización prevista no mesmo anexo.

Para estas, cando a instalación estea conectada na rede de distribución, a modificación do rango de factor de potencia aplicable a ela terá en conta as limitacións que poida establecer o xestor da rede de distribución, por razóns de seguridade da súa rede. O xestor da rede de distribución poderá propor ao operador do sistema as instrucións específicas que considere pertinentes.»

Nove. Engádesse unha alínea c) no artigo 33.1 coa seguinte redacción:

«c) Para participar en tales servizos, as instalacións deberán realizar previamente unha proba de funcionamento para acreditar a potencia neta realmente dispoñible, segundo o indicado no anexo XIII deste real decreto. Esta potencia neta será a que se utilice para a participación no mercado.»

Dez. Na táboa 3 do artigo 36 suprímense os valores das tarifas reguladas indicadas para as instalacións de tipo b.1.1, a partir do ano vixésimo sexto.

Once. Modifícase o número 2 do artigo 45, que queda redactado como segue:

«2. As instalacións de tecnoloxías análogas ás da categoría b, salvo as solares termoeléctricas, eólicas e hidroeléctricas, de potencia instalada maior de 50 MW, terán dereito a percibir unha prima, aplicada á electricidade vendida ao mercado, igual á dunha instalación de 50 MW do mesmo grupo e subgrupo e, de ser o caso, mesmo combustible e mesma antigüidade desde a data de posta en servizo, determinados no artigo 36, multiplicada polo seguinte coeficiente:

0,8 - $[(Pot - 50) / 50] \times 0,6$, para as instalacións ata 100 MW, ou
0,2, para o resto,

sendo Pot a potencia da instalación, en MW, e séndolles nese caso de aplicación os límites inferior e superior previstos nel, multiplicados polo mesmo coeficiente, en cada caso.»

Doce. Nos artigos 14.2, 18, 22.2, 23.6, 49.1 e 50.1, na disposición adicional terceira e na disposición transitoria quinta, 2, a expresión «prezo equivalente ao prezo final horario do mercado» substitúese por «prezo do mercado».

Trece. Engádesse un novo número 6 á disposición transitoria segunda coa seguinte redacción:

«6. As instalacións acollidas a esta disposición ou aquelas que utilicen a coxeración para o tratamento e a redución de residuos dos sectores agrícola, gandeiro e de servizos e que se acollesen plenamente a este real decreto, na categoría a), non terán dereito á percepción do complemento por eficiencia previsto no artigo 28.»

Catorce. Engádesse un novo segundo parágrafo á disposición transitoria cuarta coa seguinte redacción:

«As instalacións ás cales sexan de aplicación as obrigas previstas no artigo 18.d) deste real decreto, excepto as instalacións individuais de potencia superior a 10 MW, disporán dun período transitorio ata o 30 de xuño de 2011, inclusive, durante o cal non lles será de aplicación a penalización establecida no quinto parágrafo do artigo 18.d).»

Quince. Modifícase o número 1 da disposición transitoria quinta, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Aquelas instalacións eólicas cuxa data de inscrición definitiva no Rexistro administrativo de instalacións de produción en réxime especial, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sexa anterior ao 1 de xaneiro de 2008 e cuxa tecnoloxía se considere tecnicamente adaptable, teñen de prazo ata o 31 de decembro de 2010, inclusive, para se adaptaren ao cumprimento do procedemento de operación P.O. 12.3.

No caso de instalacións eólicas situadas nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, o prazo de adaptación estenderase ata o 30 de setembro de 2011.

Mentres non se desenvolvan procedementos de operación específicos, os requisitos de resposta fronte a ocios de tensión que deban cumprir as instalacións fotovoltaicas ás cales lles corresponda, de acordo co previsto no articulado deste real decreto, serán os previstos no procedemento de operación peninsular relativo aos requisitos de resposta fronte a ocios de tensión das instalacións eólicas, e serán de aplicación nos seguintes prazos:

- i) para as instalacións fotovoltaicas con data de inscrición definitiva posterior ao 30 de xuño de 2011, desde a súa data de inscrición definitiva;
- ii) para as instalacións fotovoltaicas con data de inscrición definitiva anterior ao 1 de xullo de 2011, a partir do 1 de outubro de 2011.»

Dezaseis. Engádense os seguintes parágrafos ao número 3 da disposición transitoria quinta, coa seguinte redacción:

«No caso de instalacións eólicas situadas nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, o prazo para acreditar a imposibilidade de adecuación a tales requisitos estenderase ata o 31 de decembro de 2010.

En calquera dos casos, a resolución de aceptación da imposibilidade de adecuación e a exención da penalización poderán ter unha validez temporal limitada.

Sen prexuízo do previsto nesta disposición, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá resolver, de forma xeral, a imposibilidade de adecuación dun modelo concreto de aeroxerador.»

Dezasete. Modifícase a redacción dos dous últimos parágrafos da disposición derradeira cuarta, que pasa a ser como segue:

«Por resolución do secretario de Estado de Enerxía, que se deberá publicar no “Boletín Oficial del Estado”, poderanse modificar á alza os obxectivos límite de potencia de referencia establecidos nos artigos 35 ao 42, sempre que se considere necesario e iso non comprometa a seguridade e estabilidade do sistema. Igualmente, habilitase o secretario de Estado de Enerxía para modificar, mediante resolución que se deberá publicar no “Boletín Oficial del Estado”, o contido do modelo de inscrición no rexistro e o modelo de memoria-resumo anual que figuran no anexo III e no anexo IV, respectivamente, así como o contido do anexo XII relativo aos perfís horarios para as instalacións fotovoltaicas e hidráulicas.

O contido técnico do anexo XIII relativo á proba de potencia neta para instalacións hidráulicas e térmicas poderase modificar por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio.»

Dezaoito. Modifícase o número 6 do anexo I, que queda como segue:

«6. Nas instalacións que usen varios combustibles convencionais aplicarase un rendemento eléctrico equivalente único, calculado a partir dos rendementos de referencia para cada combustible. Por orde do ministro de Industria, Turismo e Comercio aprobarase a metodoloxía para o cálculo e xustificación do citado rendemento eléctrico equivalente único.»

Dezanove. O anexo III substitúese polo que figura a seguir:

«ANEXO III

Modelo de inscrición no rexistro

| | |
|---|--|
| Datos da resolución: | |
| Tipo de resolución | |
| Datos da instalación: | |
| N.º de rexistro MITYC | |
| N.º de rexistro de inscrición autonómica provisional | |
| N.º de rexistro de inscrición autonómica definitiva | |
| Nome | |
| Localización: rúa ou praza, lugar, etc. | |
| Municipio /código postal da instalación | |
| Provincia | |
| Empresa distribuidora á cal verte | |
| Hibridación | |
| Potencia nominal total da instalación (KW) | |
| Potencia neta total da instalación (KW) resultante da proba de potencia | |
| Datos da fase ou ampliación: | |
| Nome da fase | |
| Identificador CIL | |
| Potencia nominal de fase (KW) | |
| Potencia neta de fase (KW) resultante da proba de potencia | |
| RD en que se inscribe | |
| Grupo a que pertence (artigo 2) | |
| Tipo de tecnoloxía (1) | |
| Hidráulica | |
| Río | |
| Salto (altura en m) | |
| Caudal (m ³ /s) | |
| Térmica | |
| Tipo de combustible principal (2) | |
| Outros combustibles ou detalle do combustible principal | |
| Titular | |
| Nome | |
| Enderezo | |
| Municipio/código postal | |
| Provincia | |
| Datos de datas | |
| Data de posta en servizo para probas | |
| Data de posta en servizo definitiva | |
| Data de inscrición previa | |
| Data de inscrición definitiva | |
| Data de resolución ou efecto do cambio | |
| Réxime económico: | |
| Opción de venda | |
| Número de expediente de preasignación | |
| Data da convocatoria de preasignación | |

(1) Tipo de tecnoloxía: coxeración, fotovoltaica, solar termoeléctrica, eólica, hidráulica, térmica, residuos, tratamento de residuos.

(2) Combustible principal: gas natural, gasóleo, fuel, propano, carbón, calor residual, GLP, biocombustibles líquidos, esterco, RSU, residuos industriais, gas residual, cultivos enerxéticos agrícolas ou forestais, residuos de actividades agrícolas ou xardinaría, residuo de aproveitamento forestal ou silvícola, biogás de vertedoiro, biogás de dixestión, biomasa industrial agrícola, biomasa industrial forestal, licores negros.»

Vinte. O anexo V substitúese polo que se insire a seguir:

«ANEXO V

Complemento por enerxía reactiva

Consideraranse para todas as unidades de réxime especial os seguintes valores do factor de potencia e os correspondentes valores porcentuais de bonificación/penalización:

| Rango do factor de potencia | Bonificación por cumprimento % | Penalización por incumprimento % |
|---|--------------------------------|----------------------------------|
| Obrigatorio | 0,0 | 3,00 |
| Entre 0,995 indutivo e 0,995 capacitivo | 4,00 | 0,00 |

Establécese o rango do factor de potencia obrigatorio de referencia entre 0,98 capacitivo e 0,98 indutivo.

A regulación do factor de potencia realizarase no punto de conexión co sistema e obterase facendo uso do equipamento de medida contador-rexistrador da instalación. Calcularase con dúas cifras decimais e o arredondamento farase por defecto ou por exceso, segundo que a terceira cifra decimal sexa ou non menor de cinco.

As porcentaxes de complemento aplicaranse con periodicidade horaria e ao finalizar cada mes realizarase un cómputo mensual, que será facturado e liquidado segundo corresponda.»

Vinte e un. Engádesse un anexo XIII coa seguinte redacción:

«ANEXO XIII

Proba de potencia neta para instalacións hidráulicas e térmicas

1. A potencia neta instalada exprésase en MW con dous decimais e defínese, dependendo da tecnoloxía utilizada, da seguinte forma:

a) A potencia neta instalada para cada grupo hidráulico convencional ou mixto defínese como a máxima potencia que se poida manter en marcha continua durante un período igual ou superior a catro horas, referida aos bornes do xerador, deducidos os consumos auxiliares para expresalo en barras de central, supondo a totalidade das súas instalacións en servizo e sendo óptimas as condicións de caudal e altura do salto.

b) A potencia neta instalada de cada grupo térmico defínese como a máxima potencia que se poida manter en marcha continuada durante polo menos cen horas e referida aos bornes do xerador do grupo deducidos os consumos auxiliares para expresalo en barras de central, supondo que a totalidade das súas instalacións está en servizo e que existe no parque correspondente unha cantidade de combustible suficiente e coa calidade habitual.

2. A proba de funcionamento a que se fai referencia no punto anterior deberase realizar de acordo co seguinte protocolo xenérico:

- a) Comunicación ao operador do sistema da proba que se pretende realizar.
- b) Confirmación da dispoñibilidade de combustible ou auga, segundo corresponda.
- c) Sinalamento con data e hora de comezo e fin da proba.
- d) Comprobación da existencia de telemedidas.

e) Comprobación da lectura do contador de enerxía neta do grupo no inicio da proba e posterior selaxe da caixa do contador.

f) Comprobación da lectura do contador de enerxía neta do grupo ao final da proba.

g) De ser o caso, comprobación dos datos máis característicos de funcionamento da caldeira co fin de determinar que non se exceden as especificacións do fabricante.

h) Dedución da potencia media.

i) Obtención mediante lecturas do contador de enerxía en bornes de xerador do grupo da potencia bruta durante a proba.

j) Obtención dos consumos auxiliares para ese nivel de potencia, por diferenza entre a potencia bruta e neta do grupo.

k) No caso de grupos hidráulicos, unha vez determinada a potencia bruta e neta partindo das condicións do salto e caudal hidráulico durante a proba de funcionamento, calcularase a máxima potencia bruta e neta que se podería obter en condicións óptimas de caudal e salto.

3. As probas de potencia neta serán realizadas por entidades acreditadas pola Administración.

4. O resultado da proba será remitido polo interesado á Comisión Nacional de Enerxía. Esta remitirá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, con carácter mensual, unha relación das instalacións que superasen tal proba de funcionamento, indicando a potencia neta resultante.

5. A potencia neta de cada instalación será inscrita pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado mediante o Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento unificado de puntos de medida do sistema eléctrico, aprobado polo Real decreto 1110/2007, do 24 de agosto:

Un. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 6, que queda redactado do seguinte modo:

«Nas instalacións de xeración poderase establecer, ademais, un punto de medida en bornes do grupo para a medición da enerxía bruta xerada, que se poderá utilizar como comprobante.»

Dous. Modifícase o número 1 da disposición transitoria segunda, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Aquelas instalacións e equipamentos de medida que por este regulamento cambien a súa clasificación, tal e como se indica a seguir, poderán manter os equipamentos actuais ata a súa substitución por equipamentos novos, sempre que no momento de entrada en vigor deste regulamento tales instalacións e equipamentos sexan conformes co Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, aprobado polo Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro:

a) os que cambien a súa clasificación de tipo 3 a tipo 1 ou 2, que deberán realizar a substitución antes do 1 de xullo de 2012;

b) os puntos de medida de consumo que cambien a súa clasificación de tipo 4 a tipo 3, que deberán realizar a substitución antes do 1 de xullo de 2012;

c) os puntos de medida de xeración que cambien a súa clasificación de tipo 4 a tipo 3, que deberán realizar a substitución antes do 1 de xullo de 2011.

Non obstante, seralles de aplicación o resto de requisitos e condicións relativos ao tipo de punto en que resulten clasificados e deberán, en todo caso, dispor de comunicación para lectura remota, cando así sexa requirido.

Para as instalacións e equipamentos de medida que estivesen clasificados como puntos de medida tipo 3 e que, en virtude da disposición adicional primeira.2 do Real decreto 1433/2002, do 27 de decembro, polo que se establecen os requisitos de medida en baixa tensión de clientes e xeradores en réxime especial pasaron a clasificarse como puntos de medida tipo 2, tamén será de aplicación o disposto no parágrafo precedente sempre que, no momento da entrada en vigor do citado real decreto, tales instalacións e equipamentos fosen conformes co Regulamento de puntos de medida dos consumos e tránsitos de enerxía eléctrica, aprobado polo Real decreto 2018/1997, do 26 de decembro, na primeira verificación sistemática realizada.»

Tres. O número 4 da disposición transitoria segunda queda sen contido.

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para esa tecnoloxía.*

O Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, de retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica mediante tecnoloxía solar fotovoltaica para instalacións posteriores á data límite de mantemento da retribución do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para esa tecnoloxía, modifícase da seguinte maneira:

Un. A alínea a) do artigo 3 queda redactada nos seguintes termos:

«a) Tipo I. Instalacións que estean situadas en cubertas ou fachadas de construcións fixas, pechadas, feitas de materiais resistentes, dedicadas a usos residencial, de servizos, comercial ou industrial, incluídas as de carácter agropecuario, en todos os casos, cando no seu interior exista un punto de subministración de potencia contratada por, polo menos, un 25 por cento da potencia nominal da instalación que se pretende colocar durante os primeiros vinte e cinco anos, contados desde o primeiro día do mes seguinte á acta de posta en marcha da instalación de produción.

Ou ben instalacións que estean situadas sobre estruturas fixas de soporte que teñan por obxecto un uso de cuberta de aparcadoiro ou de ensombrecemento, en ambos os casos de áreas dedicadas a algún dos usos anteriores, e se encontren situadas nunha parcela con referencia catastral urbana.

Exclúense expresamente deste tipo I as instalacións situadas sobre estruturas de invernadoiros e cubertas de balsas de rega e similares.

As instalacións deste tipo agrúpanse, pola súa vez, en dous subtipos:

Tipo I.1: instalacións do tipo I, cunha potencia inferior ou igual a 20 kW.

Tipo I.2: instalacións do tipo I, cunha potencia superior a 20 kW.»

Dous. O número 1 do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«1. A solicitude de inscrición no Rexistro de preasignación de retribución, para un proxecto de instalación ou instalación, realizarase indicando os datos recollidos no anexo I deste real decreto e achegando, ademais, copia da documentación establecida no seu anexo II. Esta solicitude irá dirixida á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

A solicitude realizarase para a mesma unidade de instalación que fose tramitada ante o órgano competente e, en particular, non se poderá presentar solicitude para unha instalación constituída por unha agrupación de instalacións que fosen tramitadas de forma independente ante o órgano competente.»

Tres. A redacción do número 2 do artigo 6 pasa a ser a seguinte:

«2. Conforme o previsto no artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, a solicitude presentarase exclusivamente por vía electrónica, con certificado electrónico, no rexistro electrónico do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no prazo establecido no anexo III deste real decreto para a convocatoria en que se desexe inscribir o interesado.

Todas as comunicacións entre o solicitante e o órgano instrutor se realizarán exclusivamente a través de medios electrónicos. Se non se utilizasen tales medios electrónicos, o órgano administrativo competente requirirá a correspondente emenda e advertirá de que, de non ser atendido o requirimento, a presentación carecerá de validez ou eficacia.

O titular do proxecto ou instalación deberá presentar unha solicitude para cada unha das convocatorias en que queira participar e non serán válidas para unha convocatoria as solicitudes de proxectos ou instalacións que non resultasen inscritos no Rexistro de preasignación de retribución en convocatorias anteriores.»

Catro. O número 4 do artigo 6 queda redactado nos seguintes termos:

«4. Aqueles proxectos aos cales se lles asigne potencia serán inscritos pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no Rexistro de preasignación de retribución asociados á dita convocatoria. O resto de solicitudes serán desestimadas na convocatoria. Porén, o interesado poderá presentar nova solicitude de acordo co previsto no número 2 anterior comunicando, de ser o caso, que a documentación presentada segue a ser válida e non se ten que volver presentar.»

Cinco. Engádesse unha frase ao final do segundo parágrafo do artigo 10.2, coa seguinte redacción:

«Para estes efectos considérase un único punto da rede de distribución ou transporte unha subestación ou un centro de transformación.»

Seis. O parágrafo 1.b) do anexo II queda redactado nos seguintes termos:

«b) Licenza de obras do proxecto de instalación, outorgada polo órgano competente. No caso de instalacións do tipo I.1, non será necesaria a presentación deste documento.»

Sete. O número 4 do anexo IV queda sen contido.

Disposición adicional primeira. *Configuración de medida para as novas instalacións de coxeración e o seu consumidor asociado.*

1. As instalacións de coxeración e o seu consumidor asociado de calor e electricidade poderán compartir as instalacións de conexión á rede de transporte ou distribución, nos termos que se establecen nesta disposición. A empresa distribuidora ou transportista non terá ningunha obriga legal sobre esa instalación.

2. As instalacións de xeración e consumo asociado serán independentes e compartirán exclusivamente as instalacións de conexión á rede. Consideraranse, para todos os efectos, dous suxeitos e instalacións distintos.

3. Os puntos de medida das instalacións de xeración e das súas auxiliares e de consumo asociado estarán situados de tal forma que permitan a medida directa da enerxía xerada ou consumida, que serán elevadas ao nivel de tensión do punto fronteira único e serán afectadas, se procede, polas perdas pertinentes.

4. Disporase de contratos de acceso independentes para os consumos de auxiliares de coxeración e para o consumo asociado.

5. A configuración de medida deberá ser autorizada, con carácter previo, pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e deberá contar para iso co acordo entre o

titular da instalación de coxeración, o titular do punto de subministración e o encargado de lectura de cada un deles.

Para estes efectos, o titular deberá dirixir unha solicitude á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, xunto coa documentación que acredite o acordo entre as partes a que se fai referencia no parágrafo anterior. O prazo para resolver e notificar será de seis meses contado desde a recepción da solicitude e da indicada documentación que se lle debe xuntar. Transcorrido este prazo sen se ditar resolución, a solicitude deberase entender desestimada.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso de alzada ante a Secretaría de Estado de Enerxía, conforme o establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

6. A autorización desa configuración implicará o seguinte:

a) O xerador e o consumidor que comparten o punto fronteira aceptan as consecuencias que a desconexión do citado punto, en aplicación da normativa vixente, puiden implicar para calquera das partes, entre elas, a imposibilidade do xerador de venda de enerxía ao sistema e a percepción da retribución que lle corresponder, ou a imposibilidade do consumidor de adquirir enerxía.

b) A empresa distribuidora non terá ningunha obriga legal relativa á calidade de servizo polas incidencias derivadas de fallos na citada instalación de conexión.

Na solicitude de autorización de configuración singular deberase indicar explicitamente que os solicitantes aceptan ambos os puntos.

Disposición adicional segunda. *Réxime económico específico para instalacións experimentais de tecnoloxía eólica en terra.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá outorgar, a un máximo de 160 MW, o dereito a unha retribución adicional á retribución do mercado de produción para proxectos de instalacións de produción de enerxía eléctrica de tecnoloxía eólica en terra, de carácter experimental, para o período 2010-2013, a través dun mecanismo de preasignación de retribución.

O réxime económico de aplicación será o vixente para instalacións da mesma tecnoloxía e potencia.

2. As instalacións a que fai referencia esta disposición poderán ser de dous tipos:

a) Instalacións constituídas por unidades experimentais para o seu ensaio e validación e cuxo titular sexa unha entidade participada maioritariamente polo tecnólogo e subministrador dos equipamentos, ou empresas do grupo empresarial definidos segundo o artigo 42 do Código de comercio.

b) Instalacións constituídas por infraestruturas de ensaio e validación de unidades experimentais dun ou máis tecnólogos e cuxo titular sexa unha entidade participada maioritariamente por capital público.

Por unidades experimentais enténdense prototipos e pre-series destes, que incorporen as modificacións pertinentes, de acordo cos resultados dos ensaios iniciais e sempre que estes continúen nun proceso de I+D+i.

3. As instalacións cumprarán, polo menos, os seguintes requisitos:

a) A instalación disporá dun plan de I+D+i plurianual.

b) No momento da solicitude do réxime económico, as unidades experimentais deberán ter unha nula ou moi reducida implantación no mundo e en ningún caso terán sido instaladas en condicións xeográficas ou de existencia do recurso enerxético análogas ás da localización prevista.

c) As instalacións estarán adscritas a centros de control e, no caso de ser necesario realizar un control independente das distintas unidades, a súa configuración deberá permitir

a actuación sobre cada un deles de forma independente, a través das consignas remitidas polo operador do sistema.

d) No caso das instalacións previstas no número 2.b), o titular permitirá a instalación de prototipos de distintos fabricantes en condicións non discriminatorias.

4. Para a valoración do carácter experimental, para os efectos de asignación dun réxime económico específico ao abeiro desta disposición, solicitarase informe dos órganos competentes en materia de I+D+i e de enerxía da comunidade autónoma onde se sitúe a instalación. Así mesmo, poderase solicitar información de cantos outros organismos se considere oportuno, co obxecto de salvagardar o previsto nos números 2 e 3.

5. O órgano competente da comunidade autónoma realizará o seguimento do cumprimento dos requisitos asociados ao carácter experimental da instalación. Para estes efectos, os titulares das instalacións deberán remitir, con carácter anual, durante o primeiro trimestre de cada ano, unha memoria de actividade ao órgano competente da comunidade autónoma, quen remitirá, pola súa vez, de oficio copia á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá establecer o contido mínimo da citada memoria de actividade, mediante resolución que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

6. Para os efectos da súa posible inclusión no réxime económico mencionado no número 1 desta disposición adicional, para o obxectivo de potencia previsto, as instalacións de produción de enerxía eléctrica de carácter experimental terán que someterse ao procedemento de preasignación de retribución regulado no artigo 4 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social.

Para isto, créase unha subsección da sección segunda do Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica a que se refire o artigo 21.4 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, dependente do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Esta subsección denominarase, no sucesivo, «Rexistro de preasignación de retribución para instalacións experimentais no réxime especial».

Para se inscribir no Rexistro de preasignación de retribución para instalacións experimentais no réxime especial, a instalación deberá cumprir exclusivamente o establecido nas alíneas a), b) e i) do artigo 4.3 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, así como contar co recoñecemento do carácter experimental, nos termos previstos no número 3 desta disposición pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

O prazo para resolver e notificar será de seis meses contados desde a recepción da solicitude e da indicada documentación que se lle debe xuntar. Transcorrido ese prazo, a solicitude poderase entender desestimada.

As resolucións da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas previstas neste artigo non poñen fin á vía administrativa e, en consecuencia, poderán ser obxecto de recurso de alzada ante a Secretaría de Estado de Enerxía, conforme o establecido nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7. No caso das instalacións a que se refire o número 2.b), estas terán a consideración de instalacións singulares para a tramitación dos procedementos relacionados co acceso e coa conexión, e poderanse tramitar eses procedementos sen a existencia dunha definición completa das características de detalle dos aeroxeradores asociados, que deberán ser actualizados antes do seu inicio de operación.

8. O incumprimento dalgún dos requisitos previstos nos números 2 e 3 desta disposición adicional, ou das condicións que se puideren impor nas resolucións autorizadas, poderá supor a perda do dereito económico asociado ao réxime económico establecido por resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, sen prexuízo dos procedementos sancionadores que se poidan iniciar.

9. A potencia asociada ás instalacións experimentais será tomada en conta nos obxectivos de potencia que se poidan establecer para o ano 2012 e sucesivos.

Disposición adicional terceira. *Réxime económico específico para instalacións innovadoras de tecnoloxía solar termoeléctrica.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá conceder o dereito a unha retribución adicional á retribución do mercado de produción para proxectos de instalacións de produción de enerxía eléctrica de tecnoloxía solar termoeléctrica, de carácter innovador, mediante un procedemento de concurso e ata un máximo de 80 MW.

O procedemento de concurso iniciárase de oficio mediante convocatoria do secretario de Estado de Enerxía. O concurso poderá quedar deserto parcialmente ou na súa totalidade se non existiren instalacións cun nivel de innovación suficiente.

2. No procedemento de concurso valorárase, por un lado, o carácter innovador e de oportunidade e, por outro, a oferta económica á baixa respecto do réxime económico previsto no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, para estas instalacións. A ponderación de cada un dos dous criterios anteriores será do 60 por cento para o primeiro e 40 por cento para o segundo.

No relativo aos aspectos innovadores e de oportunidade, valoráranse de forma preferente os seguintes aspectos: as innovacións relativas á capacidade e posibilidades de almacenamento de enerxía, a contribución á mellora da seguridade do sistema e o estado de tramitación dos proxectos, en particular, a disposición:

a) Da concesión por parte da compañía eléctrica distribuidora ou de transporte de punto de acceso e conexión firme para a totalidade da potencia da instalación e para a tecnoloxía innovadora proposta.

b) Da autorización administrativa da instalación outorgada polo órgano competente para a tecnoloxía innovadora proposta. No caso de instalacións de potencia non superior a 100 kW, este requisito non será necesario.

3. A convocatoria do concurso poderá establecer tramos para a asignación da potencia en función dos criterios de valoración dos aspectos recollidos no número 2.

4. As restantes condicións do concurso, incluído o calendario de entrada en funcionamento das instalacións, determináranse na resolución de convocatoria da Secretaría de Estado de Enerxía, que se deberá publicar no «Boletín Oficial del Estado». En calquera caso, o comezo da venda de enerxía a través da rede non se poderá producir con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014.

5. Para a valoración do carácter innovador no procedemento de concurso, para os efectos de asignación dun réxime económico específico ao abeiro desta disposición, solicitarase informe dos órganos competentes en materia de I+D+i e de enerxía da comunidade autónoma onde se sitúa a instalación. Así mesmo, poderase solicitar información de cuantos outros organismos se considere oportuno.

6. O órgano competente da comunidade autónoma onde se sitúa a instalación realizará o seguimento do cumprimento dos requisitos asociados ao carácter innovador da instalación. Para estes efectos, os titulares das instalacións deberán remitir, con carácter anual, durante o primeiro trimestre de cada ano, unha memoria de actividade ao órgano competente da comunidade autónoma, quen remitirá, pola súa vez, de oficio copia á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá establecer o contido mínimo da citada memoria de actividade mediante resolución que será publicada na sede electrónica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

7. A Secretaría de Estado de Enerxía deberá resolver e notificar a súa resolución no prazo máximo de seis meses contados desde a data en que a resolución de convocatoria do concurso produza efectos. Transcorrido ese prazo sen se ter notificado a resolución, as solicitudes presentadas poderanse entender desestimadas.

Contra a resolución da Secretaría de Estado de Enerxía, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición conforme o establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

8. As instalacións adxudicatarias do concurso serán inscritas de oficio no Rexistro de preasignación de retribución e seranlles de aplicación os propios valores de primas e límites reducidos ofertados polos proxectos correspondentes. No demais, seralles aplicable o réxime xurídico previsto no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, e na presente disposición.

9. O incumprimento dalgún dos requisitos previstos na convocatoria do concurso, ou das condicións que se puideren impor nas resolucións de concesión, poderá supor a perda do dereito económico asociado ao réxime económico concedido, sen prexuízo dos procedementos sancionadores que se poidan iniciar.

10. A potencia asociada ás instalacións innovadoras será tomada en conta nos obxectivos de potencia que se poidan establecer para o ano 2013 e sucesivos.

Disposición adicional cuarta. *Redución extraordinaria da tarifa fotovoltaica para a primeira convocatoria de preasignación a partir da entrada en vigor deste real decreto.*

1. Os valores das tarifas das instalacións fotovoltaicas para a primeira convocatoria de inscrición no Rexistro de preasignación de retribución cuxo prazo de presentación de solicitudes se inicie con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto calcularanse a partir dos valores resultantes da aplicación da metodoloxía establecida no artigo 11.2 do Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro, multiplicándoos polos seguintes factores:

- a) Instalacións de tipo I.1: 0,95.
- b) Instalacións de tipo I.2: 0,75
- c) Instalacións de tipo II: 0,55.

2. A porcentaxe de redución dos valores das tarifas derivados do mecanismo previsto no punto anterior non será considerada para o cálculo das cotas de potencia para o ano seguinte, de acordo co previsto no artigo 5.3 do citado Real decreto 1578/2008, do 26 de setembro.

Disposición adicional quinta. *Elaboración dunha proposta de modificación da Orde ITC/1522/2007, do 24 de maio, pola que se establece a regulación da garantía da orixe da electricidade procedente de fontes de enerxía renovables e de coxeración de alta eficiencia.*

Antes do 30 de novembro de 2010, a Comisión Nacional de Enerxía remitirá á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas unha proposta de modificación da Orde ITC/1522/2007, do 24 de maio, pola que se establece a regulación da garantía da orixe da electricidade procedente de fontes de enerxía renovables e de coxeración de alta eficiencia, co fin de cumprir co previsto no artigo 27.1 da Directiva 2009/28/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE.

Disposición transitoria primeira. *Ratificación das solicitudes de autorización administrativa presentadas para instalacións de potencia superior a 50 MW que utilicen fontes de enerxía renovables.*

Aqueles promotores que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, presentasen solicitude de autorización administrativa para unha instalación de potencia superior a 50 MW que utilice fontes de enerxía renovables, disporán dun prazo máximo de dous meses contados desde a entrada en vigor do real decreto, para se ratificar nela. De non o faceren, entenderase que desisten da tramitación do procedemento e o director xeral de Política Enerxética e Minas ditará resolución que lle poña fin.

Quedan exentas da presente disposición as solicitudes de calquera trámite administrativo para instalacións eólicas mariñas.

Disposición transitoria segunda. *Devolución do aval establecido no artigo 124 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.*

Os titulares das instalacións de produción de enerxía eléctrica de potencia superior a 50 MW que, pola tecnoloxía utilizada e requisitos exigibles, se poderían acoller ao artigo 45 do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, poderán desistir voluntariamente da tramitación dos procedementos de autorización administrativa e avaliación ambiental e solicitar a devolución do aval regulado no artigo 124 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, sen que este sexa executado, nos dous meses posteriores á entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Modificacións substanciais en tramitación na data de entrada en vigor deste real decreto.*

As solicitudes de autorización dunha modificación substancial dunha instalación presentadas con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto poderanse tramitar e resolver conforme a normativa vixente no momento da presentación da solicitude, sempre que o titular da instalación dispoña dun acordo de compra asinado entre o promotor da instalación e o fabricante ou subministrador de equipamentos correspondente para a adquisición de equipamentos por un importe equivalente, polo menos, ao 50 por cento do valor da totalidade deles fixado no proxecto de instalación.

Neste caso, o titular da instalación deberallo comunicar, xunto coa documentación acreditativa de tal feito, no prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor deste real decreto, ao órgano competente, quen remitirá, pola súa vez, de oficio, copia á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

En caso contrario entenderase que renuncia ao citado dereito e aplicarase o disposto no artigo 4 bis do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial.

A solicitude será resolta polo órgano autonómico, que comunicará a súa resolución á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Disposición transitoria cuarta. *Aplicación de determinadas modificacións normativas a partir da primeira convocatoria de inscrición no Rexistro de preasignación de retribución.*

As modificacións normativas que se realizan nos números un, dous, tres e catro do artigo terceiro serán de aplicación unicamente a partir da primeira convocatoria de inscrición no Rexistro de preasignación de retribución que se inicie tras a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta disposición dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13^a, 22^a, 25^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, autorización das instalacións eléctricas, cando o seu aproveitamento afecte outra comunidade autónoma ou o transporte de enerxía saia do seu ámbito territorial, e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Autorízase o ministro de Industria, Turismo e Comercio a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 19 de novembro de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN